

# PESELÁN

FOLK

## Artista/banda

Pesdelán é moito máis que un grupo de música. Mediante a música en vivo e o ensino de bailes e xogos sinxelos ao público, pretende recuperar o espírito participativo das festas e integrar a todas as persoas sen importar a súa idade, condición física ou experiencia. Pesdelán xurde no 2008 da unión de reputados músicos, bailarores e mestres de coñecidas formacións musicais de Galicia e Portugal.

## Na punta do pé

Trátase do primeiro traballo de Pesdelán, que ten un obxectivo moi claro coma o resto dos espectáculos do grupo: que o público baile! Unha das integrantes da formación animaranos a seguir os seus pasos, que nos explicará de forma sinxela e amena, para que todos e todas poidamos unirnos á festa. Acompañana un grupo de grandes músicos e músicas que interpretarán as melodías para podelas bailar. O tempo pasará sen darnos conta mentres gozamos, rimos, bailamos e coñecemos as e os nosos novos compañeiros de baile.

Este espectáculo pode incluír un obradoiro de baile antes do concerto-baile (opcional).

## Na palma da man

Tras o éxito de *Na Punta do Pé*, o redor do baile de Galicia e Portugal, e *Entroidanzas*, cunha escolma de bailes de Entroido do mundo, Pesdelán quere agasallarnos nesta nova proposta, cos bailes e danzas máis divertidos da Península Ibérica. Pai Paulino (Galicia), Galandún (Portugal) o Txulalai (País Vasco) son algúns dos nomes dos bailes que conforman este espectáculo, que como non podía ser doutro xeito, vai dirixido ao público familiar. Unha proposta divertida e saudable coa que pasalo ben en familia, sen importar a idade, sen importar a túa forma física, porque o realmente importante non se ve, síntese.

[www.culturactiva.org](http://www.culturactiva.org) 



### FICHA ARTÍSTICA

Voz: Belén Tajés, mandolina: Xiao Berlai,  
percusión: Rubén Montes, acordeón: Roberto Grandal  
Axudan a bailar: Mercedes Prieto ou Montse Rivera.

Duración: 55 minutos

Público: todos os públicos

 **info**